

25 de novembro  
Dia Internacional  
pola Eliminación  
da Violencia  
Contra as Mulleres



2009

25 de Novembro  
Unidades Didácticas  
Educación Infantil e Primaria



**OBXECTIVOS A TRABALLAR:**

- Erradicar os mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Rematar coas crenzas da superioridade do home sobre a muller.
- Educar en igualdade como medio de previr a violencia.

**ACTIVIDADES:**

**Coñecer as ideas que teñen os alumnos e as alumnas sobre este tema;** para iso realizárase unha charla na que terán que responder ás seguintes preguntas:

- Quen limpa e fai as tarefas na casa? Quen debe facelo?
- Os nenos e as nenas poden facer as mesmas cousas?
- Hai xogos e xoguetes para nenos e nenas?
- Quen cociña na casa, papá ou mamá? Quen debería facelo?
- Quen coida dos fillos e das fillas? Quen leva ás nenas e aos nenos á escola? Quen recolle aos nenos e ás nenas á volta da escola? Quen leva aos nenos e ás nenas ao pediatra?
- Hai cousas que só deben ou poden facer as nenas ou os nenos? Cales?
- Os nenos son máis fortes cás nenas e por iso poden pegarlles, agredilas ou insultalas



**Lectura e traballo do conto: *De onde sae esta nena?***

**TEXTO DO LIBRO:**

- Para Sami, antes todo era moi sinxelo. Primeiro: había xente con sirí. Segundo: había xente sen sirí. Terceiro: os que tiñan sirí eran máis fortes cós que non tiñan sirí. Pola sinxela razón de que tiñan sirí!.
- Non paga a pena nin discutilo. Isto foi así dende o principio do mundo. Poñamos un exemplo: os mamuts. Na época dos mamuts pasaba o mesmo: había mamuts con sirí e mamuts sen sirí. Cales eran máis fortes?
- Así que Sami estaba moi contento por pertencer ao grupo dos que tiñan sirí. E que se aguanten as nenas... El non tiña a culpa de que lles faltase algo. Alá elas!
- Pero todo isto era antes. Ata que un bo día, Lúa entrou na clase de Sami. Vou a presentarvos a Lúa -dixo a profesora. Ao principio, Sami non fixo caso de Lúa. Era un ser que non tiña sirí, dos que só xogan con bonecas e debuxan floreciñas de cores entre nubes de algodón.
- De súpeto, en medio da clase de plástica, a profesora ensinou o traballo de Lúa e dixo sorrindo: - Que boa es! Que ben debuxas! No folio, non había floreciñas, senón un enorme mamut. Daquela, de onde sae esta nena?, preguntouse Sami.



- “Non pode ser, de onde sairá esta nena?”, seguía preguntándose Sami unha e outra vez. De súpeto, Sami tivo unha brillante idea: Lúa era unha nena especial. Agora estaba todo claro! Lúa tiña algo mais cás outras nenas. Exacto! Unha sen sirí con sirí! Miúdo engano! Sami propúxose nese momento investigalo.
- En canto tivese a proba do sirí de Lúa, contaríallo a toda a clase. Entón, ninguén quería xogar con ela máis! Axiña -díxose Sami-, teño que comezar deseguido. Sami pegouse a Lúa para a espiar ben. Mirou por debaixo da porta e viu que facía pis sentada, non de pé. Aínda que iso non importaba en absoluto. Todo o mundo pode facer pis sentado.
- Outro día que Sami foi a durmir a casa de Lúa, tampouco houbo sorte. A nena cambiouse no cuarto de baño e saíu co pixama posto, por certo, con debuxos de mamuts. Esa noite Sami non viu máis. Nin outras noites que foi a durmir, nin ningún día viu nada de nada. Sami non era parvo pero é tan difícil espiar esas cousas. Despois de decenas de noites e de decenas de días, Sami non tiña nin unha soa proba de nada.
- Daquela chegou o verán. Lúa e Sami encontráronse nun camping. Mentres os pais montaban as tendas, eles berraron: -Imos a bañarnos! Estaban tan impacientes por se meter no mar que se esqueceron de coller os bañadores.
- Déronse conta cando chegaron á praia. -¡Brr! -queixouse Lúa, agora tócanos volver... Nin falar -pensou Sami. Esta é a ocasión: agora ou nunca. -De volver, nada. Podemos bañarnos nus -dixo. Estaba convencido de que Lúa non quería, porén, oíulle dicir: -Ben. Ela comezou a espirse. O primeiro que viu Sami foi o cu.
- Pero polos cus non se pode pescudar moito: case todos son iguais. Entón, Lúa deuse a volta. Sami quedouse coa boca aberta e os ollos a cadros! Apenas conseguiu falar: -O teu... O teu... Non tes sirí! Estrañada, Lúa mirouse debaixo da tripa, e respondeu: -Claro que non! Eu teño sirí! E botou a correr tan tranquila cara ás ondas!
- Así que agora o mundo cambiou para Sami. Antes había uns seres con sirí e outros sen sirí. Agora sabe que uns teñen sirí e outras, sirá. AH...! TAMÉN SABE QUE ÁS NENAS NON LLES FALTA NADA.

## ACTIVIDADES:

1.- Despois de ler o libro en voz alta para toda a clase ( empregaremos 10 minutos máis ou menos), dividiremos aos alumnos e ás alumnas en pequenos grupos e pedirémoslles que reflexionen sobre o que se leu (isto levaranos 20 minutos). Para axudarlles darémoslles unha serie de preguntas para que pensen::

- No libro Sami di que os que teñen sirí sempre foron máis fortes e mellores; segundo el, isto sempre foi así e non paga a pena discutilo. Credes que isto é certo?
- Sami non comprende como unha nena se pode subir ás árbores, xogar ao fútbol, debuxar mamuts..., xa que todas esas cousas só as poden facer os rapaces. Pensades que hai cousas que só deben facer os homes e as mulleres non?
  - Cres que ás rapazas, en relación aos rapaces, lles falta algo?
  - Só por ter sirí Sami considerábase superior a Lúa; pensaba que as rapazas non son como os rapaces e son os rapaces os que deben mandar porque son máis fortes. Que opinas desta afirmación?
  - Cres que cando unha rapaza é independente, intrépida, atrevida, intelixente..., non lles gusta aos rapaces e ás rapazas e a consideran un “becho raro”, como pensaba Sami ao principio de Lúa?
  - O sexo biolóxico fai que os rapaces sexan superiores e deban dominar ás mulleres?



2.- Despois dese traballo en pequenos grupos, faremos unha actividade de posta en común con toda a clase. Debateremos sobre os comentarios e buscaremos solucións para evitar estas situacións nas que o rapaz se sente superior á rapaza só por ser do sexo masculino, para esta actividade empregaremos 20 minutos.

3.-.- Escribiremos as conclusións e pendurarémolas na clase para as lembrar cada certo tempo.

4.-.- Pedirémolles que na súa casa lean outra vez o conto cos seus pais e nais e realicen un debuxo sobre os sentimentos, emocións ou sensacións que o libro lles transmitiu.



• **Detección de estereotipos de xénero:**

Asignar en etiquetas nomes que designen roles, actitudes, comportamentos (doces, violentos, guapas, duros, sensíbeis, deportistas...), segundo se crea que correspondan a rapaces ou rapazas. Escollerase un rapaz e unha rapaza da clase e cubriráselles cunha bolsa de plástico á que previamente se lle cortaron as partes da cabeza e dos brazos para que os alumnos e as alumnas poidan pórlla a modo de traxe. Distribuíranse as etiquetas entre os grupos. Os alumnos e as alumnas pegaranllas a un neno ou a unha nena, segundo crean que son propias de cada sexo. Posteriormente, comentarase a actividade e pedirase ao neno e á nena que se intercambien os traxes. Pediráselles tamén que expliquen se lles gustan os seus novos autocolantes, que, segundo a cultura en que estamos, seguramente non se lles asignarían. Insistirase no feito de que os estereotipos son culturais e responden a creacións sociais. Non son inherentes nin se basean en presupostos biolóxicos. Todos e todas somos iguais, o sexo non debe determinar como ser nin que facer.



• **DRAMATIZACIÓN**

Podemos realizar unha dramatización cos nosos alumnos e coas nosas alumnas. Trátase de buscar calquera problema que se produza na nosa aula (dous alumnos ou dúas alumnas que queren o mesmo xoguete, o mesmo libro..., e ningún cede...). Aproveitando o dilema dramatizamos dúas formas de resolvelo: unha, de forma violenta con berros, empurróns..., que só conducen a que nos sintamos mal e non arranxan as cousas; outra, de forma pacífica, por medio do diálogo e a repartición. Despois reflexionaremos sobre o vivido para facer ver ao noso alumnado que a violencia non conduce a nada e non serve para solucionar os problemas.

## “Un buraco no xardín”

O artigo 1º da Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres das Nacións Unidas declara que a violencia contra as mulleres é “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública como privada.

### *Un buraco no xardín*

As casas do meu barrio son todas iguais, teñen xanelas e tras elas cortinas de todas as cores. Tellados cheos de paxaros e canles por onde atropeladamente baixa a auga con algún insecto que semella un mariñeiro. Portas que se abren cara a dentro, con bonitos timbres, que soan para chamar ao que está ocupado no interior ou descansa na súa cadeira de brazos mirando a televisión. En todas elas a vida é un ir vir de persoas, xanelas abrindo e pechándose, xardíns e testos con flores que medran pouco a pouco mentres os seus habitantes se esforzan nos seus coidados. Todo é unha rutina diaria, ninguén sabe nada de ninguén e á vez o sabe todo, o seu traballo, o número de fillos e de fillas, a cor de coche, ata o seu equipo de fútbol, todo é coñecido ou se cre coñecer. O meu barrio non é distinto a outros, pero hoxe me sorprendeu ver ao meu veciño cavando no xardín, a rúa estaba en silencio e todos e todas mirabamos para el, pero só sentiamos mágoa. Aquela rúa agora era distinta e a súa casa non parecía igual cás demais, malia que exteriormente non cambiara nada, aquel buraco no xardín semellaba non ter sentido na nosa perfecta harmonía. O meu veciño de curta idade cavaba, xusto no centro do xardín e preto da porta de entrada, un inmenso buraco, todo ao seu arredor eran flores e arbustos perfectamente recortados e harmoniosamente ordenados por cor e arume. Ninguén entendía a razón dos seus actos, aínda que naquel feito se albiscaba un afastamento da rutina e harmonía do barrio que ninguén podía entender nin aprobar, ninguén quería ese buraco profundo e negro, como un abismo perigoso na porta da súa casa, pero ninguén falaba nin ninguén facía nada, pois non lles pertencía a eles decidir na casa allea. Ninguén fixo nada e aquel buraco converteuse en poucos días nun gran pozo negro no que ese veciño de curta idade se foi perdendo no seu interior. Un bo día secouse todo e desde fóra a casa parecía estar morta, o único que se encontrou foi unha nota na beira do abismo que dicía:



*“Este é o abismo no que viviu a miña nai e no que me perdín pouco a pouco”.*

Autora: Carmen Menéndez Oubiña.

**Obxectivos:**

1. Dar a coñecer os ámbitos nos que se exerce violencia contra as mulleres (familiar, social, laboral e escolar).
2. Recoñecer os distintos tipos de violencia.
3. Aprender a pórse no lugar do outro.
4. Sacar á luz aqueles conflitos que fan sufrir a quen os padece e a quen depende desas persoas, facendo visible o sufrimento deses nenos e desas nenas.
5. Buscar a solución pacífica dos conflitos resolvéndoos na súa raíz e buscando as estratexias axeitadas.



**Actividades:**

1. Comentar o conto facendo preguntas do tipo:

- a. Onde ocorre a acción?
- b. Que tipo de historia nos relata? Alegre, cotiá, dramática, ciencia ficción...
- c. Quen son os protagonistas?
- d. Que credes que está a ocorrer? É algo doado de pescudar? Por que?
- e. Alguén máis coñece o que ocorre? Se é así, que fan?
- f. Se no teu barrio ocorrese algo así que farías? Que farían os teus veciños e as túas veciñas?
- g. Hai sufrimento? Que outros sentimentos aparecen?

Visibilízanse? Como e cando?

h. Hai solución? Que podes facer? Cal é o teu compromiso?



2. O debuxo das casas sempre representou o noso eu, a nosa personalidade, polo que un bo exercicio sería que cada quen debuxe unha casa para despois colala nun papel continuo deixando un oco para a casa dos protagonistas. Nesta última, é importante lembrar que o aspecto externo é igual á do resto e deixar facer.....

Sería conveniente traballar con música de fondo e á hora de pintar entre todos e todas a casa dos protagonistas escoller un tipo de música distinto. Unha vez acabado o mural deben colocarse eles e elas, debuxando onde queren estar ou o que estarían a facer. O feito de formar parte dunha obra común tende, se non se ten coidado, á broma e ao barullo, polo que é aconsellable que entendan que a súa posición é vista polo resto e que deben de xustificar porqué escolleron esa posición.



3. Buscar nun dicionario as definicións de abismo:

- Profundidade grande e perigosa: [caer ao abismo](#).
- O que é inmenso, insondable ou incompreensible: [abismo de dúbidas](#).
- Gran diferenza ou oposición entre persoas, ideas ou cosas.  
♦ Constrúese cos verbos haber ou mediar: [entre as dúas media un abismo](#).
- Infierno

- Parte central dun escudo:  
*o abismo do escudo tamén se coñece como corazón ou centro.*

Unha vez vista as definicións, conversar de como cada unha pode axustarse ao conto.

A pregunta importante é:

- ❖ A violencia e a diferenza de ideas ou comportamentos poden xerar un abismo só á persoa que o sofre?
- ❖ Pensas que hai moitos buracos no xardín da nosa sociedade, escola, etc.?
- ❖ Que podo facer? Que credes que fan os demais? Podo cambiar estes comportamentos?

4. Elaborar unha listaxe de dereitos e outra de non dereitos

5. Realizar un gran abismo para colocar na porta do centro, coa idea de nos facer pensar a todas as persoas que entremos como se senten as vítimas de violencia e que eses comportamentos moitas veces non son vistos ata que ocorre unha desgraza



### Metodoloxía:

Para a lectura do conto é importante distribuír o texto a todo o alumnado, pódese traballar en grupo unha vez lido. A secuencia de actividades tense que facer pensando en cumprir os obxectivos marcados. É unha actividade que vai necesitar varias sesións e que estas deben estar finalizadas para o día 25 de Novembro. Nelas buscarase que a creatividade estea presente, pois deste xeito podemos chegar a unha postura asertiva e de empatía do noso alumnado.